

ARRENDAMENTO DE BEN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO URXENTE

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do contrato o arrendamento mediante procedemento negociado sen publicidade dun vehículo lavacontedores para destinalo ao servizo propio do vehículo.

Descrición do ben: vehículo camión lavacontedores marca Iveco. ML 150 E 18 K, carga útil 5725 Kg e matrícula 7409BPK.

O orzamento de valoración do vehículo ascende a trinta mil douscentos oitenta e dous (#30.282#) euros.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado tal e como establece o artigo 4.1 p) da Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de arrendamento do vehículo lavacontedores será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo do artigo 153.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, cando menos, a tres empresarios capacitados (persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica) para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conto co Perfil do contratante ao que terán acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellodevedra.com

CLÁUSULA CUARTA. Tipo de licitación.

Establécese un tipo mínimo de licitación de seis mil novecentos sesenta (#6.960,00#) euros anuais que poderá ser mellorado á alza polos licitadores.

CLÁUSULA QUINTA. Órgano de contratación.

Á vista do importe do contrato que ascende a vinte e sete mil oitocentos corenta (#27.840,00#) euros, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, será o Alcalde.

CLÁUSULA SEXTA. Duración do contrato.

A duración do contrato de arrendamento fíxase en catro (4) anos, de carácter prorrogable.

CLÁUSULA SÉTIMA. Acreditación da aptitude para contratar.

Poderán presentar oferta aquelas persoas físicas e xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibicións de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1.- A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

- a) a capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de conformidade coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de conformidade coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, poderá realizarse:

- a) mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración

responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trata de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade este prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

CLÁUSULA OITAVA. Clasificación do contratista.

Non se esixe.

CLÁUSULA NOVENA. Presentación da oferta e documentación administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello de Vedra, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida nel polo Secretario municipal. Sen a concorrencia destes requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de termo do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esta data sen que se tivera recibido a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimo novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta sen prexuízo do establecido nos artigos 131 e 132 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta

en unión temporal con outros si o ten feito individualmente ou figurara en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres cerrados, firmados polo candidato e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “Oferta para negociar o arrendamento dun camión lavacontedores”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre “A”: Documentación administrativa.**
- **Sobre “B”: Oferta económica e documentación.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada deles.

SOBRE “A” DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen as ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

- Si o candidato fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente, a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá achegar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Si a empresa se atopase pendente de clasificación , deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para a clasificación, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da Lei 30/2007, para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

- e) **No seu caso, unha dirección de correo electrónico no que efectuar as notificacións.**
- f) **As empresas estranxeiras presentarán declaracións de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao candidato.**

**SOBRE “B”
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

- a) **Oferta económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, rúa _____, núm. _____, con CIF/NIF núm. _____ en nome _____ (propio ou en representación de _____ como acreditado por _____) enterado de que polo Concello de Vedra se desexa arrendar un camión lavacontedores de propiedade municipal, ofrezco o prezo de _____ euros (IVE incluído), manifestando que coñezo e acepto o Prego de cláusulas administrativas particulares.

En _____, a _ de _____ de 20_

Sinatura do candidato,

Asdo: _____ “

- b) **Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.**

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación.

A negociación versará sobre o canon do arrendamento e posibles melloras que ofrezca o arrendatario.

- Prezo: ata 10 puntos.
- Melloras no servizo: ata 4 puntos.

CLÁUSULA DECIMO PRIMEIRA: Mesa de contratación.

Conforman a Mesa de contratación os seguintes membros:

- D. Odón C. Cobas García, Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue, que actuará como Presidente da Mesa
- D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo, Secretario-Interventor da corporación, vogal
- D. Carlos Martínez Carrillo, vogal
- D. José Alvela Edreira, vogal
- D^a Mercedes Pereiras Caldelas, que actuará como Secretaria da Mesa

CLÁUSULA DECIMO SEGUNDA: Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento
- c) modificación do contrato por razóns de interese público
- d) acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DECIMO TERCEIRA.- Apertura das ofertas.

A Mesa de Contratación constituirase o terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás doce horas e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres “A”.

E posteriormente, procederase á apertura e exame do sobre “B” e comezará a negociación do acordo cos aspectos fixados no prego.

CLÁUSULA DECIMO CUARTA.- Requirimentos da documentación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta económica mais vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento,

presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeran a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de contratos do sector público e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DECIMO QUINTA.-Garantía definitiva.

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe da adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá presentarse en algunha das seguintes formas:

a) en efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición , en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, presentado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizadas para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados coa letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

CLÁUSULA DECIMO SEXTA.- Adxudicación do contrato.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso, poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible da cordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

CLÁUSULA DECIMO SÉTIMA. Formalización do contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DECIMO OITAVA.- Obrigas do arrendatario.

O arrendatario deberá aboar o canon correspondente dentro dos primeiros cinco (5) días de cada mes.

Subscribir unha póliza de seguros que responda de todo tipo de danos que poidan producirse.

Facerse cargo de todos os gastos de mantemento do vehículo e demais necesarios.

Prestar os servizos que se establezan na adxudicación do contrato, en concreto realizará o lavado de todos os contedores do lixo do Concello de Vedra dúas veces ao ano nas datas que se indique.

Dedicar o vehículo única e exclusivamente á función para a que está deseñado.

CLÁUSULA DECIMO NOVENA.- Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo, no que se transcribirán os dereitos e deberes de ámbalas dúas partes que foron enumerados neste prego. Calquera das partes poderá solicitar elevar a Escritura pública o contrato sendo neste caso da súa conta os gastos que orixine.

CLÁUSULA VIXÉSIMA.- Execución do contrato.

Ao tratarse da adxudicación dun contrato tramitado polo procedemento urxente, o prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados dende a formalización . Si se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o retraso se deba a causas ajenas á Administración contratante e ao contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA.- Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e as súas disposicións de desenvolvemento (o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e esté vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto aos efectos e extinción rexeráse polas Normas de dereito privado.

O orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente do coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

O orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

En Vedra a 15 de febreiro de dous mil once.

O ALCALDE,

Odón C. Cobas García